

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante CTG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades dirixidas á promoción e o fomento da comercialización de Galicia como destino turístico, orientación de accións cara ao mercado nacional e internacional e a colaboración na creación e consolidación de produtos definidos nas Liñas 1 Galicia Destino Seguro e de Saúde e 3 Territorio e Recursos turísticos, do Plan Director de Turismo 2021-2023: Galicia Destino Seguro.

Dita subvención buscará como finalidade establecer entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia unha serie de liñas de actuación e actuacións entre as que encaixarían as seguintes:

- Campañas de publicidade e plans de promoción.
- Elaboración de materiais para a promoción de Galicia como destino turístico.
- Accións para traballar con mercados obxectivo: viaxes de familiarización, fam trips, press trips, workshops etc. e que busquen un reforzamento da marca turística de Galicia e a mellora na súa comercialización.



- Proxectos de marketing on-line, dirixidos a explotar o potencial das novas tecnoloxías para a promoción do destino, especialmente a capacidade de Internet como ferramenta de información, difusión e comercialización.
- Actuacións encamiñadas á definición, creación e/ou mellora da comercialización dos produtos turísticos de Galicia.
- Publicacións e material promocional de apoio específico á promoción e difusión do turismo de Galicia.
- Organización e participación en feiras, congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter turístico.
- Creación e consolidación de produtos turísticos, especialmente aqueles que se atopen referenciados nas Liñas 1 e 3 do Plan Director de Turismo 2021-2023 Galicia Destino Seguro.
- Actuacións que permitan a mellora na comercialización ou o coñecemento do que acontece no mercado, especialmente co uso de tecnoloxías.
- Outras actuacións que estean vinculadas a mellora do posicionamento da marca Galicia como destino turístico, a promoción do mesmo, a conformación de produtos ou a mellora da comercialización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector



turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Terceiro.- Que este convenio incidirá nos obxectivos estratéxico definidos no **Plan Director de Turismo 2021-2023 Galicia Destino Seguro**. Concretamente nos seguintes de forma directa:

- **Obxectivo 1:** *Reanimar a actividade do sector turístico galego e minimizar os danos que a crise sanitaria provocou no tecido empresarial e na confianza das persoas que viaxan.*
- **Obxectivo 2:** *Afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro no curto prazo, co obxectivo de recuperar o favor dos turistas.*
- **Obxectivo 5:** *Posicionar a Galicia como destino preferente na mente dos novos consumidores e consumidoras turísticos.*

Adicionalmente este convenio tamén reforza o **Obxectivo 7:** *Reforzar a gobernanza turística a través da coordinación entre diferentes niveis da administración e mediante a colaboración público-privada, imprescindibles nun sector tan transversal.* A propia formalización a través do convenio e o traballo conxunto entre Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia no desenvolvemento destas actividades, implica un traballo coordinado neste ámbito por parte do sector público e do sector privado no ámbito da promoción e mellora da comercialización turística.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente colaborar co CTG, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e



continúe os resultados dos convenios asinados desde o ano 2014, o que redunda no desenvolvemento do sector turístico da nosa Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao CTG unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, ao ser o Clúster a única entidade en Galicia de tal natureza, que aglutina a toda a cadea de valor do turismo da nosa Comunidade autónoma, non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

